



**Expediente núm.: 60/2020**

**Providencia de Alcaldía**

**Procedemento:** Contratación Brigadas incendios

### **DECRETO DE ALDALDÍA**

**Primeiro.-** Visto o Decretos de Alcaldía 2020-129, polo que se aproba proposta do Tribunal de selección dos membros das brigadas de incendios (condutor de motobomba, xefe de brigada, peón tractorista e peón), de conformidade co disposto nas bases reguladoras que rexerán a selección e contratación de persoal de brigada de incendios e motobomba, laboral temporal, ao abeiro do convenio subscrito entre o Concello de As Nogais e a Consellería de Medio Rural, da Xunta de Galicia, para levar a cabo accións de prevención e defensa contra os incendios forestais no ano 2020, por un período de tres meses, de acordo coa acta do tribunal de selección.

**Segundo.-** Visto o escrito de renuncia ao posto de condutor de motobomba presentado por don Manuel Antonio Lama País, con DNI \*\*\*9775\*\*, no rexistro xeral do Concello de As Nogais con data catorce de xullo de dous mil vinte, nº 2020-E-RC-337.


**Terceiro.-** Visto o Decreto 2020-130, polo que se nomea a don Iván Otero Torneiro, con DNI \*\*\*5087\*\* para o posto de condutor de motobomba, por ser o primeiro suplente, de acordo coa proposta do Tribunal de selección.

**Cuarto.-** Visto o resultado das probas físicas realizadas pola empresa Taprega Prevención de Riesgos, S.L., con CIF B36926640 (Decreto 2020-120, do dous de xullo de dous mil vinte), con data de entrada no Rexistro Xeral 2020-E-RC-, núm. 352, segundo o cal, don Iván Otero Torneiro, con DNI \*\*\*5087\*\* non supera.

**Quinto.-** Visto que don Diego Alberto Alonso Álvarez, con DNI \*\*\*5942\*\*, seguinte membro na lista de reserva de acordo coa proposta do Tribunal de selección de tres persoas para o posto de condutor de motobomba, non realizou as probas físicas e médicas.

**Sexto.-** Non habendo máis candidatos na lista de reserva e á vista da necesidade de cubrir o posto para a conformación de dúas brigadas de incendios ao abeiro do devandito convenio, e posto que os principios constitucionais de igualdade mérito e capacidade (artigos 14 e 106 da Constitución española de 1978, desenvolvidos normativamente) foron garantidos, sendo publicado o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia núm. 130, do 8 de xuño de 2020, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Remitir á Oficina correspondente do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) a oferta para un posto de condutor de motobomba. Para ser admitido a esta convocatoria, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:





- a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto do Empregado Público.
- b) Posuér capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumplidos dezaoito anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Figurar inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego.
- f) Estar en posesión do permiso de conducir tipo C.

**Segundo.-** Publicar a presente Resolución na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello.

En As Nogais, na data da sinatura ao marxe  
O Alcalde-Presidente,  
Jesús Manuel Núñez Díaz

#### **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

Contra a presente resolución procede recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses dende o día seguinte ao da publicación, sen prexuízo de que os interesados podan exercitar calquera outro que estime oportuno. No caso de interpor recurso de reposición, non se pode interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producirá a desestimación presunta do recurso interposto.

